




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 MLL	Documento 2111AS02Q2	Sello
Código de verificación  3U1K 5P2K 0E3K 3F21 17VZ	Expediente 211/2026/144	
	Fecha 06-05-2026	

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE RENOVACIÓN DAS MATRÍCULAS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2026-2027

Bases da convocatoria de renovación das matrículas nas Escolas Deportivas Municipais (en diante EDM) do Servizo Municipal de Deportes (en diante SMD), redactadas segundo a normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007) e a ordenanza fiscal nº 15 en vigor reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións Deportivas Municipais.

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a renovación de matrículas nas EDM para o curso 2026-27 das EDM desenvolvidas nas instalacións deportivas xestionadas directamente polo Concello da Coruña así como nas instalacións do Complexo Deportivo de San Diego e na Piscina Municipal de San Amaro.

Todas as datas que se indicarán nas seguintes bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, se acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, o SMD pode cambialas motivadamente sen necesidade de modificar as presentes bases; sempre cando se respecten os prazos previstos para cada trámite e previa publicación na páxina web www.coruna.gal/deportes.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse polas seguintes canles:

- Na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes
- Nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais
- No taboleiro de Edictos do Concello da Coruña

Así mesmo, poderase obter información no teléfono de atención á cidadanía 010.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Terán dereito a renovar nas EDM todas as persoas que figuran inscritas como alumnado no curso 2025-2026, sempre que a actividade teña continuidade no curso 2026-2027 e cando a persoa cumpra cos requisitos de idade, asistencia e condición física necesarias para realizar a mesma.

A renovación realizarase na actividade, o grupo e horario no que se estea inscrito/a no curso 2025-26, salvo aquelas persoas que deban cambiar de grupo por idade e sen prexuízo dos reaxustes de horarios que poida efectuar o SMD.

O SMD poderá cambiar a denominación dos grupos co fin de ordenar a oferta das EDM. Neste caso, cada persoa quedará adscrita a un grupo equivalente ao que estaba matriculada.



Concello da Coruña

No caso de que se deba realizar un cambio de grupo por idade ou nos casos de EXCEPCIÓNS/ AGÁS, a coordinación das EDM asignaralle praza a esas persoas noutro grupo sempre e cando iso sexa posible polo número de prazas dispoñibles.

***en caso de ser mais alta a demanda que a oferta de prazas efectuarase un sorteo entre os alumnos/as implicados**

3. PROCEDEMENTO DE RENOVACIÓN

3.1. PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL: 8 de maio de 2026

No caso das actividades directamente xestionadas polo Concello, a listaxe provisional publicarase na páxina web de deportes: www.coruna.gal/deportes e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais onde se pode facer a renovación. Tamén poderá consultarse no teléfono de atención á cidadanía 010.

Para as actividades desenvolvidas no Complexo Deportivo de San Diego ou na Piscina Municipal de San Amaro será necesario consultar nas propias instalacións.

3.2. PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS: 11 e 12 de maio de 2026

Contra dita listaxe poderanse efectuar as alegacións que se estimen oportunas.

As alegacións poderanse realizar por medios electrónicos nos rexistros de entrada do Concello da Coruña ou presencialmente na oficina situada na instalación deportiva da C.D. Riazor preferentemente solicitando cita previa no teléfono de información gratuíta 010 ou na seguinte ligazón: <https://citaprevia.coruna.gal/>

***Listados definitivos: 15 de maio**

3.3. MATRÍCULAS ORDINARIAS: do 18 de maio ao 1 de xuño de 2026

Considéranse matrículas ordinarias aquelas nas que a persoa renova na mesma praza que no curso actual. É dicir, todo o alumnado con dereito a renovar salvo o que cambia de grupo por razón de idade, que renovará nas datas indicadas no seguinte punto.

3.4. MATRÍCULAS NOS CASOS DE CAMBIO DE GRUPO POR IDADE: do 19 ao 25 de xuño (a.i)

Sempre que se reúna todos os requisitos establecidos, permitirase a continuación **na mesma modalidade deportiva** de EDM ao alumnado que por razón de idade deba cambiar de grupo (o horario poderá ser distinto segundo dispoñibilidade).

Deste xeito, existen dúas posibilidades:

A) Cambios de grupo por idade de matriculación directa:

Inclúense neste caso aqueles cambios nos que non hai problemas de praza na seguinte franxa de idade.



B) Cambios de grupo por idade EXCEPCIÓNS/AGÁS:

B.1) Relación de grupos clasificados como AGÁS menores de idade (6-17 anos): que non dispoñen en primeira instancia de prazas ou teñen varias opcións de horario.

Estes cambios autorizaranse nos supostos en que sexa posible por razón de ratio, nivel, dispoñibilidade de praza, etc. (art. 21.8 normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades). Os grupos afectados son os seguintes:

Cambio de 6-8 anos a 9-11 anos:

- Alumnado de Natación de 6 a 8 anos, con cambio a Natación de 9 a 11 anos na Piscina Municipal de Riazor (de frecuencia 1 día e 2 días/semana).
- Alumnado de Minitenis de 6 a 8 anos na C.D. Torre, con cambio a Tenis de 9 a 11 anos na Cidade Deportiva de Riazor, C.D. Torre e Pº Novo Mesoiro.
- Alumnado de Patinaxe de 6 a 8 anos da Pº Nº1 de Riazor, con cambio a Patinaxe de 9 a 11 anos.

Cambio de 9-11 anos a 12-17 anos:

- Alumnado de Boxeo de 9 a 11 anos da C.D. Riazor con cambio a Boxeo de 12 a 17 anos na C.D. Riazor.
- Alumnado de Natación de 9 a 11 anos, con cambio a Natación de 12 a 17 anos na Piscina Municipal de Riazor (de frecuencia 1 día e 2 días/semana).
- Alumnado de Tenis de 9 a 11 anos de C.D. Riazor con cambio a Tenis de 12 a 17 anos na C.D. Riazor.
- Alumnado de Tenis de 9 a 11 anos da Pº Novo Mesoiro con cambio a Tenis de 12 a 17 anos no Pº Novo Mesoiro.
- Tenis 9-11 anos na cidade deportiva da Torre pasa a 12-17 anos na mesma instalación
- Alumnado de Patinaxe de 9-11 anos da Pº Nº1 de Riazor que pasa a Patinaxe de 12-17 anos na mesma instalación.

O alumnado destes grupos deberá realizar o seguinte procedemento intermedio:

- Solicitud de preferencia de horario: **do 18 de maio ao 1 de xuño de 2026**, a través dun formulario en liña cuxo enlace será enviado por correo electrónico ás familias do alumnado afectado.
- Publicación da listaxe de solicitudes: **12 de xuño**
- Sorteo: o **15 de xuño**. O sorteo celebrarase no caso de rexistrarse máis solicitudes que prazas dispoñibles.
- Publicación da listaxe de adxudicación de prazas: **16 de xuño**
- Matriculación: do **19 ao 25 de xuño** (conxuntamente cos cambios de grupo directos)

As persoas que non obteñan praza poderán acudir á convocatoria libre de Novas Matriculas.

B.2) AGÁS +18 anos e AGÁS +65 que cambian a + 80 (Riazor Mantemento)

Alumnado das EDM DE ADULTOS +18 que voluntariamente ou que por razón do seu nivel físico desexen cambiar a EDM DE ADULTOS +65.

Alumnado das EDM +65 que cambian a + 80 na actividade de Ximnasia de mantemento en Riazor
Estes cambios autorizaranse nos supostos en que sexa posible por razón de ratio, nivel, dispoñibilidade de praza, etc. (art. 21.8 normativa de uso das instalacións deportivas, EDM e outras actividades).

O alumnado que voluntariamente desexe cambiar a un grupo de +65 anos deberá realizar o seguinte procedemento intermedio:



Concello da Coruña

- Solicitud de horario, do 18 de maio ao 1 de xuño de 2026, na oficina de coordinación das EDM en horario de 08:00-14:00h. de luns a venres, cubrindo o formulario de solicitude. (Solicita)
- Publicación da listaxe de solicitudes: 12 de xuño
- Sorteo: o 15 de xuño. O sorteo celebrarase no caso de rexistrarse máis solicitudes que prazas dispoñibles.
- Publicación da listaxe de adjudicación de prazas: 16 de xuño
- Matrícula: do 19 ao 25 de xuño (conxuntamente cos demais cambios de idade)

3.5. CAMBIOS DE HORARIO

Só se admitirán solicitudes de cambio de horario por motivos de conciliación ou causas de forza maior e atenderanse no caso de que houbese praza.

O alumnado que solicite cambio de horario terá que ter **previamente formalizada a matrícula na súa praza de orixe** no período de renovación do 18 de maio ao 1 de xuño.

Non se permiten cambios de modalidade deportiva, nin entre as instalacións de San Diego ou San Amaro entre si ou co resto de instalacións.

As solicitudes de cambio de horario presentaranse do **16 ao 18 de Xuño de 2026**. Poderanse realizar por medios electrónicos no rexistro de entrada do Concello da Coruña ou presencialmente no rexistro situado na C.D. Riazor, preferentemente solicitando cita previa no teléfono de información gratuíta 010 ou na seguinte ligazón: <https://citaprevia.coruna.gal/>

Publicarase unha listaxe de solicitudes de cambio o **22 de xuño de 2026**.

No caso de que para un mesmo horario se rexistren máis solicitudes que prazas dispoñibles:

- Sorteo: 26 de xuño de 2026
- Publicación de cambios de horario admitidos: 30 de xuño de 2026
- Formalización do cambio: do 1 ao 3 de xullo de 2026, de xeito presencial nas oficinas do Palacio de Deportes de Riazor.

O cambio non será efectivo sen a correspondente formalización na oficina do rexistro da C.D. Riazor. No caso das EDM no Complexo Deportivo de San Diego ou na Piscina Municipal de San Amaro, as solicitudes de cambio deberán solicitarse en ditas instalacións.

Son os usuarios/as

3.6. LUGARES E HORARIO

Habilitaranse dúas canles para as renovacións:

- **En liña:** a través da plataforma Cronos Web (<https://coruna.gal/CronosWeb/Login>)

O acceso efectuarase de xeito identificado. No caso de menores, será o pai/nai ou titor/a quen actúe como operador e tramite a matrícula.



Concello da Coruña

Lugar	Datas		Horario
En Liña	Matrículas ordinarias	18 de maio a 1 de xuño	Ininterrompido, as 24 horas do día
	Cambios de idade*	19 a 25 de xuño	

- **Presencial:** Nos rexistros dependentes da Concellaría de Deportes:

Oficina	Datas (de luns a venres, excluídos os festivos)		Horario
C.D. Riazor	Matrículas ordinarias	18 de maio a 1 de xuño	08:15-14:00
	Cambios de idade*	19 a 25 de xuño	08:15-13:30
	Cambios de horario**	1 a 3 de xullo	08:15-13:30

A atención presencial efectuarase preferentemente con cita, que poderá concertarse en <https://citaprevia.coruna.gal/> ou no teléfono de atención á cidadanía 010. Será necesario concertar unha cita por cada renovación que se vaia tramitar.

***Para os cambios de grupo por idade EXCEPCIÓN/AGÁS deberase realizar o procedemento intermedio indicado nos puntos B.1 e B.2 desta convocatoria.**

****A formalización dos cambios de horario aceptados realizarase obrigatoriamente de xeito presencial nas oficinas de rexistro da C.D. Riazor.**

As renovacións e demais xestións das actividades das EDM que se desenvolven en San Diego e San Amaro realizaranse, nas mesmas datas, nos devanditos centros deportivos dentro do seu horario de atención ao público.

San Diego: de Luns a venres de 8:00-22:00 horas e sábados de 9:00-14:00 horas

Club del Mar: de luns a xoves de 9:30-19:30 e venres de 9:30-19:00 horas

De ser necesario, comunicarse a ampliación de lugar, datas e horarios de matrículas para posibles incidencias. Será comunicado na páxina web municipal www.coruna.gal/deportes.

3.7. TAXAS

As taxas están reguladas na Ordenanza Fiscal núm. 15 do Concello da Coruña en vigor no ano 2025. Segundo o artigo 8 da dita Ordenanza "Esixirase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso..."

A ordenanza contempla tarifas reducidas por rendemento económico ou IPREM, para o cal deberán aportar a documentación preceptiva con carácter previo á renovación nos rexistros do SMD. O pago poderá efectuarse en efectivo ou con tarxeta.

3.8. RENUNCIA Á PRAZA

As persoas que, rematado o prazo de renovación que corresponda, non fixeran o pagamento da taxa correspondente entenderase que renuncian á praza na que podían renovar. A dita praza pasará á convocatoria libre e ofertarse no mes de setembro de 2026.



En todo caso, unha persoa que renunciou ou que non renovou unha praza por calquera circunstancia sempre vai poder optar á convocatoria libre por esa ou por outra praza que saia ofertada.

4. OUTRAS NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DAS EDM

- 4.1. **Idade:** a efectos de admisión no grupo de idade, considerarase a idade referida a data 31 de decembro de 2026.
- 4.2. Para a aplicación de descontos por idade (maiores de 65 anos) considerarase a idade referida a do comezo das escolas (1 outubro do curso en vigor)
- 4.3. **Calendario lectivo:** todas as EDM adaptaranse ao calendario oficial escolar publicado pola Xunta de Galicia; en todo caso, o curso comezará o primeiro día hábil do mes de outubro de 2026 e rematará o último día hábil de xuño de 2027.
- 4.4. Para matricularse nos grupos das EDM de Natación de 9-11, 12-17, +18, + 65 intenso, natación adaptada e Waterpolo é requisito ser capaz de nadar 25 m. sen tocar fondo nin suxeitarse a medios auxiliares fixos ou móbiles. Para o grupo de natación +18 intenso é preciso saber nadar 100 metros empregando dous estilos. Para o resto dos grupos non é preciso saber nadar.
- 4.5. A actividade de Natación prenatal ten carácter mensual e desenvólvese na Piscina Municipal de Riazor durante todo o ano (a excepción do período de peche anual da instalación).
- 4.6. As persoas con discapacidade poderán solicitar praza nunha EDM tendo en conta que:
 - As EDM son actividade grupais.
 - As persoas que para a súa normalización precisen calquera adaptación ou seguimento, deberán indicalo na solicitude. A súa inclusión nas EDM será canalizada pola coordinación das EDM procurando entre ambas partes os recursos precisos para facilitar a práctica deportiva.
- 4.7. Na EDM de Natación Adaptada a persoa deberá poder nadar 25m sen apoios materiais e sen facer pé. A admisión na EDM deberá ser informada favorablemente, tras achegar informe médico por parte da persoa solicitante. Para iso, será necesario presentar unha solicitude por rexistro municipal, e desde o SMD asignaráselle unha cita, con día, lugar e hora para a súa valoración, tendo que levar consigo o diagnóstico clínico e outros datos e/ou informes que considere de interese que permita comprobar que o alumno/a é apto para a actividade. Dita valoración non será vinculante á hora de obter praza na actividade.
- 4.8. **Limitación no número de actividades por persoa:** como norma xeral, establécese a limitación de ocupar como máximo dúas prazas das EDM no mesmo curso, exceptuando as actividades de natación adaptada (a natación adaptada non poderá ser compatible con outro curso de natación) e natación prenatal, de forma temporal. Esta limitación establécese considerando conxuntamente as instalacións deportivas municipais de xestión directa así como os complexos deportivos de San Diego e San Amaro. Finalizada a convocatoria de novas matrículas, se quedasen prazas libres, poderá matricularse tendo en conta que na seguinte renovación só se poderá matricular en dúas delas, sempre e cando sexan de modalidades deportivas diferentes.

Normas de asistencia durante o curso escolar: establécese unha porcentaxe de asistencia obrigatoria nas EDM do 65% das sesións lectivas do curso. O alumnado só poderá, polo tanto, ter unha porcentaxe de faltas inferior ao 35% das sesións anuais do curso. Esta situación deberá ser excepcional, o alumnado deberá, como xeral, asistir ás clases. No caso de que se chegue ao 40% de faltas de asistencia o/a alumno/a debe causar baixa nas EDM sen dereito a percibir a devolución da



corresponde taxa. Non obstante, no caso de ausencia continuada, a pesar de non ter chegado a ese 40% de faltas de asistencia e logo do previo informe do profesorado, poñerémonos en contacto co/a alumno/a para que nos xustifique o motivo da súa ausencia co fin de ofertar esa praza no caso de estar aberta a matrícula para as prazas vacantes. O Período para calcular o porcentaxe de absentismo será o comprendido entre os meses de outubro-abril (ambos engadidos).

- 4.9. **Absentismo Total:** considerase absentismo total aquelas persoas que no período comprendido entre outubro-novembro tiveran unha porcentaxe de absentismo do 100% e non puideran xustificar esas ausencias.

Estes usuarios/as causaran baixa automática sen opción a devolverlles o importe aboado da actividade, estas prazas quedaran libres e ofertaranse a libre disposición.

- 4.10. **Cambios de horario ao longo do curso:** aquelas persoas que por circunstancias de conciliación laboral, persoal ou calquera outra índole desexen cambiar o horario, na mesma modalidade deportiva, poderán acceder ás prazas vacantes que se publicarán unha vez rematada a convocatoria de novas matrículas, quedando a libre disposición ata a 31 de marzo de 2027 para maiores de 18 anos e ata o 31 de decembro de 2026 para os menores. Se for o caso, deberán tramitar conxuntamente a baixa no grupo do que desexen marchar e a alta no novo horario, sen necesidade de aboar novamente a taxa, agás a diferenza no importe no caso de pasar dunha frecuencia menor a unha frecuencia maior (por exemplo, de dous días á semana a tres días á semana). Unha vez rematado este prazo, non se admitirán máis cambios e deberán agardar á seguinte renovación co seu seguinte novo prazo de cambios. Non se permiten cambios de modalidade deportiva, nin entre instalacións de San Diego ou San Amaro entre si nin co resto de instalacións.

- 4.11. **Baixa nas actividades:** no caso de querer causar baixa nunha actividade, deberase solicitar expresamente por escrito a través das canles postas a disposición polo SMD.

Segundo o artigo 8 da dita Ordenanza "Esixirase o depósito previo das taxas correspondentes a ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS no momento de efectuarse a matriculación. Iniciada a prestación do servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito aplicarase ao importe definitivo da taxa, polo que procederá a súa devolución se o/a alumno/a solicita a baixa na actividade con antelación ao comezo do curso...".

- 4.12. Serán de aplicación as normas de uso das instalacións deportivas municipais, EDM e outras actividades aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 20 de xullo de 2007.

- 4.13. Coa formalización da matrícula, a persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia legal, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados.

No caso de que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución das taxas aboadas. Así mesmo, o alumnado comprométese a cumprir coa normativas das actividades e das instalacións deportivas aprobadas polo Concello da Coruña.

- 4.14. Coa presentación da solicitude e, no seu caso, a formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM.

- 4.15. O SMD, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, ou alleas a vontade do concello, resérvase a facultade de axustar os grupos e, se fose necesario, deixalos sen efecto.

- 4.16. O Concello, a través da empresa concesionaria do contrato de servizos das EDM, dispón dun servizo gratuito de asistencia médica e hospitalaria, ata un máximo de 180 días, para as persoas participantes nas actividades deportivas que sufran un accidente durante elas e como consecuencia de levar a cabo a actividade incluída na programación prevista. En ningún caso a prestación deste servizo suporá o recoñecemento de responsabilidade municipal sobre a lesión sufrida; senón que o



Concello da Coruña

mesmo debe incardinarse na vontade desta Administración de implantar unha práctica deportiva segura e de calidade, que teña activado en todo momento un protocolo que garanta unha atención, inmediata e a curto prazo, da persoa lesionada con servizos especializados en medicina deportiva.

- 4.17. Os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes serán tratados polo Concello da Coruña en calidade de Responsable de Tratamento con enderezo en María Pita, 1, 15001 A Coruña, coa finalidade de xestionar a prescrición, o rexistro e o desenvolvemento das Escolas Deportivas Municipais. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade do cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. En calquera caso, os datos pódense conservar, se for o caso, con fins de arquivo de interese público, investigación científica e histórica ou fins estatísticos. Os seus datos comunicaranse a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, entidades aseguradoras, outros órganos da Administración local e profesionais ou entidades adxudicatarias da prestación do servizo.

Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento así como a portabilidade de datos, presentando un escrito no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, na seguinte ligazón <https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>.

De ser o caso, poderá poñerse tamén en contacto coa persoa Delegada de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Pode consultar a información adicional detallada sobre o tratamento dos seus datos na seguinte ligazón: <https://www.coruna.gal/web/gl/rgpd>.

- 4.18. O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

Director da Área de Deportes